

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027770	IES A Sardiñeira	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfrenta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

Impártese a materia de Xeografía e Historia de 3º da ESO a un total de 65 alumn@s, distribuídos en tres cursos. A meirande parte do alumnado procede do barrio dos Mallos, onde se ubica o Centro.

Existe diversidade na aula. Hai 5 alumn@s que repiten 3º da ESO, 2 alumnos con altas capacidades intelectuais, varios alumn@s de incorporación tardía ao sistema educativo, así como alumnado con dificultades xeralizadas de aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3	3	4	1-2-4-5	1	1	3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2	3	2	1-2	4	1-3	1-3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.	2-3		3-4-5	1-5	3	3-4	1	1-4
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.	1-3	2	1	1-2	2	1-2-3-4	1	1-4
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	1-5	3	2	1-3-5	1-3	1-2	3	1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	1-5	3	1-3	1-3	3	1-2-3	1-3	1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	2-5	3	2-4	1-2	1-3	1-2-3		1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.	2		1-4-5	4	2-5	1-2-3	1	1
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2-5		2	1-3	1	1-2-3-4	1	1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A actividade económica : sectores económicos, axentes económicos. A economía globalizada.	Trata das fases da actividade económica, dos sectores económicos, dos factores de produción, dos axentes económicos, das áreas xeoeconómicas mundiais e da economía globalizada.	10	10	X		
2	Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.	Trata de coñecer os diferentes sistemas de organización económica e pode abordarse a produción e o traballo. Cabe abordar o deber de entendernos dentro dun mundo globalizado.	5	7	X		
3	Os sectores económicos : o sector primario, o sector secundario e o sector terciario.	Analízanse os diferentes sectores económicos a nivel global. No sector primario abórdase principalmente a agricultura, a gandería e a pesca. No sector secundario analízanse sobre todo a industria e a explotación das fontes de enerxía. No sector terciario trátase principalmente o comercio, o turismo e o transporte. Abórdase a tendencia á economía global cara a terciarización.	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Os sectores económicos na UE, España e Galicia.	Analízanse os sectores económicos na UE, en España e en Galicia. Trátase de explicar o funcionamento do mercado dentro da UE e o papel económico de España dentro da UE. Así mesmo abordaríase a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.	5	7	X		
5	Relacións entre a natureza e a sociedade. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e o entorno próximo de España e Galicia.	Abordaranse os problemas medioambientais da Terra. A emerxencia climática e a conciencia ecosocial.	5	5		X	
6	O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro	Procura analizar os conceptos espaciais, localización, escala, proximidade espacial e facer un estudo do global ao local na escala rural e urbana e a súa evolución e retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sostible.	5	5		X	
7	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	Trata de estudar os rexímenes políticos e a organización dos estados e, en concreto, o Español e indicar a importancia das Institucións para velar pola paz e seguridade.	10	9		X	
8	Globalización, movementos migratorios e interculturalidade.	Trata do fenómeno da globalización os seus aspectos positivos e negativos e as súas derivadas dos desprazamentos da poboación no mundo actual, a multiculturalidade e posibles conflitos ideolóxicos e étnico culturais, diversidade e mestizaxe.	5	8		X	
9	A poboación e poboamento en España e Galicia. Diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero.	Trata dos ciclos demográficos e evolución da poboación e o reto demográfico en España e Galicia. O envellecemento da poboación e as políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. Así mesmo se aborda a diversidade social e a cohesión, a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero.	10	8		X	
10	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol.	10	9			X
11	As Revolucións burguesas. A Revolución industrial e mentalidade capitalista, unha nova organización social de clases.	As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. Así mesmo coa revolución industrial estúdase a derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. O rol das mulleres na época das revolucións.	10	9			X
12	A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do	Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	importancia da Constitución de 1812. Restauración borbónica.	10	9			X
13	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes.	5	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A actividade económica : sectores económicos, axentes económicos. A economía globalizada.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender características básicas da actividade económica en España e Galicia (sectores económicos predominantes, axentes económicos) ,a influencia da globalización.	PE	80
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de facer o exercicio escrito cun nivel suficiente, enumerando as principais causas e efectos da globalización económica.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender os trazos básicos dos sectores económicos - definición, actividades que forman parte de cada sector, peso por países -, dos factores de produción, dos axentes económicos no presente e os retos de futuro.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza case sen axuda do docente tarefas propostas como preguntas de desenvolver curtas e longas, definición de termos, análise guiada de documentos,...	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre prácticas de consumo responsables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
2	Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe e comprende cal é o sistema económico da súa contorna.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe cal é o reparto dos diferentes sistemas económicos no mundo e indica trazos e características esenciais deles e o reparto do traballo.	PE	80
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender a evolución dos sistemas económicos e interpreta medianamente algunha fonte de información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Elabora un resumo sobre os sistemas económicos e a súa evolución e permanencia no tempo e é capaz de establecer certas relacións co mundo globalizado co dominio dunha economía liberal.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente o reparto desigual do traballo e os principais problemas laborais.	TI	20
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre a función do Estado nas crises económicas ou na búsqueda do benestar social en xeral e a tendencia dos sistemas económicos pola globalización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
3	Os sectores económicos : o sector primario, o sector secundario e o sector terciario.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipo de actividades económicas predominan na UE, en España e en Galicia	PE	80
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipo de actividades económicas son respectuosas co medio como a agricultura e a gandaría ecolóxicas, a explotación das fontes de enerxía renovables, o turismo sostible...		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de facer o exercicio escrito cun nivel suficiente, enumerando a grandes rasgos as dificultades e os retos de futuro dalgunhas actividades económicas.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características máis importantes dos sectores económicos a nivel xeral no mundo na actualidade.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza case sen axuda do docente tarefas propostas como preguntas de desenvolver curtas e longas, definición de termos, análise guiada de documentos,...	TI	20
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando os problemas que atravesan no presente determinadas actividades económicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
4	Os sectores económicos na UE, España e Galicia.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que coñece como inflúe a paisaxe de Galicia, España e a UE nas actividades económicas.	PE	80
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar as características máis importantes dos sectores produtivos de Galicia, España e a UE.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito sobre a evolución dos sectores produtivos e os retos de futuro.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura tarefas como preguntas curtas e longas, definición de termos, análise guiada de textos, exposicións orais ou narracións sobre as características máis importantes dos sectores económicos na UE, España e Galicia.	TI	20
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura actividades sobre como poder aproveitar o medio de Galicia, España e a UE que sexa respectuoso co Desenvolvemento Sostible.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura gráficas, imaxes ou mapas nas que se plasmen as zonas por sectores de produtividade e tamén fai, entende e explica suficientemente os datos dunha gráfica temática.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando por exemplo, o abandono de certos sectores económicos e a tendencia á terciarización e as repercusións no mundo laboral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
5	Relacións entre a natureza e a sociedade. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e o entorno próximo de España e Galicia.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio, así como os impactos medioambientais máis relevantes.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre medio ambiente, identificando e describindo aceptablemente as principais características e causas e consecuencias do seu deterioro.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e as solucións que se poden tomar a diferentes escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
6	O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza un exercicio escrito no que teña que explicar algún dos ODS empregando imaxes, mapas, gráficas... e fai propostas a problemas e retos do futuro	PE	80
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber que tipos de poboamento hai en España e en Galicia e como evolucionaron e cales son os problemas que presentan.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar cunha certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente as principais características do espazo natural, rural e urbano da súa contorna.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza e expón con certa soltura un traballo sobre os problemas do despoboamento rural e o crecemento das cidades e a súa relación co medio ambiente.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura un informe sobre o seu compromiso coa contorna e o poboamento humano e indica os retos futuros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
7	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipos de rexímenes existen, as diferenzas entre monarquía e república e como se organiza o Estado español.	PE	80
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis ao ditatorial.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Realiza un exercicio escrito no que indique certas institucións do Estado e de asociacións que promoven un mundo máis seguro e unha mellor convivencia.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente que é Estado, tipos de Estado, rexímenes, os Estados segundo a súa organización territorial, e a organización política e territorial de España, Galicia e a UE.	TI	20
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, no que plasma a importancia do sentido cívico, o respecto polas diferenzas e opinións dos demais e sobre o recoñecemento da muller.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo os problemas de convivencia que hai na súa contorna e as solucións que proporía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
8	Globalización, movementos migratorios e interculturalidade.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de interpretar e identificar con certa seguridade imaxes, mapas ou gráficos sobre o Desenvolvemento Sustentable, mobilidade da poboación e distribución do traballo.	PE	80
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as causas máis importantes das migracións e os principais fluxos migratorios actuais a nivel mundial.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de coñecer e comprender conflitos étnicos moi relevantes.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de identificar as principais consecuencias das migracións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre aspectos negativos e positivos da globalización.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre a mobilidade da poboación e a multiculturalidade e o respecto ás minorías.	TI	20
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo escrito identificando e describindo a incidencia da globalización na economía mundial e a distribución do traballo e o mundo das tecnoloxías.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
9	A poboación e poboamento en España e Galicia. Diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de enumerar algunhas das características da poboación mundial e de España e Galicia e propón certas solucións aos problemas.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Realiza o escrito cun nivel suficiente, demostrando coñecer a discriminación social das minorías en España e das mulleres e tamén achega algunhas solucións para evitalas.	PE	80
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender os descritores da poboación e as características poboacionais de España, Galicia.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo e achega ideas con certa claridade para elaborar un traballo sobre a violencia de xénero.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elabora con certa claridade un informe, tras recollida de datos na súa contorna, da poboación sobre a procedencia e é capaz de expresar iniciativas para a súa integración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do

Contidos

- espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.

- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
10	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións plantexadas no exame sobre o Antigo Réxime e as súas características políticas, económicas e sociais máis destacadas.	PE	80
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Realiza con certo nivel de coñecemento un exercicio escrito sobre o concepto de Ilustración e sinala algunha das súas críticas ao Antigo Réxime e medios de difusión.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente: un comentario histórico guiado sobre os cambios políticos ou económicos derivados da Ilustración.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de elaborar con certa soltura a proposta de traballo, identificando os trazos máis destacados do Antigo Réxime, así como do pensamento ilustrado.	TI	20
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Identifica o legado das correntes ilustradas na actualidade e indica algunha institución do Estado e características das democracias e demostra o valor do sistema constitucional e democrático.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	É capaz de expresar con certa claridade as permanencias da Ilustración na actualidade e plasma nun resumo, informe, o valor do presente en función dos cambios producidos no século XVIII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
11	As Revolucións burguesas. A Revolución industrial e mentalidade capitalista, unha nova organización social de clases.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Explica dun xeito suficiente o concepto de revolución burguesa e cita algúns obxectivos políticos revolucionarios en contraposición co Antigo Réxime.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de facer algunha enumeración dos motivos que conduciron ás Revoltas e fai un exercicio escrito suficiente comprensible.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Responde de xeito sucinto ás preguntas sobre o proceso de Independencia das colonias americanas e da Revolución Francesa e identifica a ideoloxía liberal e nacionalista como ideas do presente. Identifica os trazos máis importantes da Primeira Revolución Industrial e a súa trascendencia.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Contesta e identifica cunha certa claridade a cuestións sobre a organización do Estado, Institucións e Poderes do Estado, Democracia e Constitución e expresa e recoñece o valor destas institucións.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Demostra que sabe pescudar e expresar o significado de termos históricos como Revolución, Burguesía, Capitalismo, Democracia, Constitución, Absolutismo etc.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de realizar con certo nivel unha liña do tempo na que se representen os procesos revolucionarios da época: Revolución Americana, Francesa, etapa de Napoleón, Revolución Industrial...	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura unha exposición sobre unha muller relevante da época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

Contidos
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
12	A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Elabora con certa autonomía escalas cronolóxicas dos feitos acaecidos no século XVIII en España e no resto do territorio Europeo e saca algunha conclusión.	PE	80
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica algunhas características básicas da Ilustración española e galega e explica algunhas reformas político-administrativas do século XVIII e explica de forma xeral a Guerra de Independencia.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Explica dun xeito comprensible as reformas económicas acometidas polos Borbóns e extrapola a súa influencia na actualidade no senso de establecer relación entre estado uniformista e descentralizado.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica cun certo grao de comprensión os rasgos que conformaron a España e Galicia contemporánea e é quen de enumerar algunhas características da diversidade social e cultural que conforman o país.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura unha pescuda de información sobre que é Dinastía e averigua que reis españois houbo antes do século XVIII.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	De xeito suficiente e comprensible fai un resumo tras a lectura, visualización, proxección dunha breve reseña histórica de España antes do XVIII.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza case sen axuda do docente tarefas propostas sobre a España e a Galicia do século XVIII como cuestionarios, preguntas curtas, relación de termos, análise guiada de documentos,...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
13	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica con certa seguridade os diferentes estilos artísticos da época ao analizar obras de arte moi representativas.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Clasifica con certa seguridade as características do Rococó, do Neoclasicismo e do Romanticismo e enumera algún exemplo de España e Galicia e os relaciona cos feitos históricos.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñece a grandes rasgos a vida e obra de Goya e ten certo coñecemento das obras e do significado da Carga dos Mamelucos e os Fusilamentos do 3 de maio e os relaciona coa Invasión Napoleónica.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósters, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre os movementos artísticos: Rococó, Neoclasicismo e Romanticismo e incorpora nomes de mulleres artistas e vulga o por que do seu relegamento.	TI	20
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza con certa soltura un traballo sobre influencias moi destacadas de Goya en pintores posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía usada á hora de traballar neste curso os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquiera o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo co fin de que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da materia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálos co gallo de favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica

desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial.

Adoptarse unha metodoloxía activa e participativa, na que o alumnado constrúa o seu propio coñecemento. Fomentarse o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que condúzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. De aí que se poidan adoptar neste curso diversos métodos como a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc.

Diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, contribuirá a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e a detectar tamén as dificultades de aprendizaxe que aparezan e a adoptar os mecanismos de reforzo axeitados (seleccionando tarefas, regulando a esixencia,...).

Por medio de actividades como a simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates, etc., foméntase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado propiciando que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, poñerse "en situación de" posibilitan o intercambio de información, o desenvolvemento dun pensamento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento do alumnado.

Adoptaranse nalgunha unidade dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, resolve e soluciona,...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi útil. Poden deseñarse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. A posta en común do traballado contribuirá á comprensión dos contidos.

Buscando a interrelación de fenómenos xeográficos e históricos e a captación do interese do alumnado, realizaranse pequenas investigacións sobre a realidade xeográfica e o patrimonio artístico da contorna, que lle servirán tamén para valorar a riqueza do patrimonio máis próximo.

Por outro lado, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como o uso de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Empregaranse distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos.

Así mesmo, procurarase dar á materia un enfoque multidisciplinar, tratando de establecer relacións con outras materias e de coordinarnos con outros docentes que impartan materia no grupo.

En definitiva, desenvolvendo unha metodoloxía activa, participativa e creativa tratarase de fuxir das clases maxistras, que non posibilitan o coñecemento das capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses. Porén, a exposición da profesora será esencial, sobre todo, para abordar aqueles contidos conceptuais de maior dificultade.

Por último, debemos contemplar a posibilidade de que neste curso que comeza haxa que desenvolver un ensino non presencial ou semipresencial debido ás diferentes circunstancias de adaptación que precise o alumnado. Se se dera este caso, o Departamento poderá impartir as clases por medios telemáticos. As tarefas, vídeos, resumos e demais materiais estarán a disposición do alumnado na plataforma online a través da Aula Virtual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto :Xeografía e Historia. 3º ESO. Operación Mundo GALEGO. Anaya Edicións. LOMLOE. VVAA. ISBN 9788414308929. Edición 2022

Material elaborado pola docente : apuntamentos, resumos, fichas de actividades, presentacións con imaxes,...
Libros de consulta especializados
Aula Virtual do centro
Páxinas web relacionadas coa materia
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Materiais informáticos
Material audiovisual
Xogos históricos
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Cine ou documentais
Material funxible
Prensa escrita

Na actualidade posuímos moitos recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado. Porén, a profesora determinará e xestionará o seu emprego posto que no manual de Xeografía e Historia de 3º da ESO existen unidades didácticas que non se adaptan completamente ao novo currículo e hai un número importante de contidos do currículo que non se recollen no libro.

Ademais do libro de texto, empregárase material complementario elaborado pola docente : apuntamentos, fichas de actividades, presentacións con imaxes, ...

O alumnado deberá ter un caderno de traballo no que se recollan as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito caderno, que será revisado de forma periódica pola profesora, reflexará o traballo da alumna/o e os seus progresos.

Ademais, cómpre destacar os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Esta plataforma dixital permite ao docente plantexar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e adaptábeis aos contidos que se están a impartir e posibilita que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, etc.

Na curso da Aula Virtual da materia recollerase o material traballado na aula : apuntamentos, actividades, presentacións de imaxes,...

No presente o emprego das TIC é fundamental, porén, o docente será selectivo no seu uso, e trasladará o alumnado a necesidade dun emprego responsable das mesmas.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material moi atractivo para afondar e comprender os contidos, e adoitan espertar gran interese entre o alumnado. Poden traballarse na súa totalidade ou parcialmente.

Así mesmo, nalgunha ocasión poden usarse xogos históricos porque adoitan ser do agrado do alumnado.

Por outro lado, resulta moi interesante planificar traballos de carácter manual, elaborados con material funxible - exemplo : os pósteres ou murais temáticos -, que contribuirán a desenvolver a creatividade e outras destrezas entre o alumnado.

Nesta materia abórdanse temas que, en grande medida, están de actualidade como a globalización, a crise enerxética, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia, a loita das mulleres polos seus dereitos ...etc, polo que recurrir á prensa é unha boa opción para que o alumnado conecte coa realidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso farase unha proba diagnóstica inicial para coñecer o nivel de competencia e a capacidade das alumnas/os. Dita proba tratará sobre aspectos elementais da asignatura que previsiblemente o alumnado debería controlar ao acabar Segundo da ESO.

A proba de avaliación inicial consistirá na realización de cuestións curtas e longas, definición de termos, preguntas tipo test, textos para completar, análise de documentos, localización en mapas,etc.

A proba de avaliación inicial permitirá analizar as diferenzas académicas entre o alumnado co fin de proxectar medidas para atender á diversidade da aula.Estableceranse Medidas de reforzo para atender dificultades de aprendizaxe e deseñaranse actividades de ampliación de coñecementos, destinadas ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

Ademais desta proba inicial, é necesario comprobar, ao comezo de cada unidade, que coñecementos previos posúe o alumnado sobre a mesma.Realizarase, polo tanto, unha actividade inicial na primeira sesión de cada unidade, que poderá ser unha enquisa, unha tormenta de ideas, a visualización dun fragmento de vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías,etc.

Esta actividade inicial permitirá tamén comprobar o interese que teñen as alumnas/os sobre o tema, así como precisar máis a metodoloxía e axustar a proposta de tarefas plantexadas para a unidade en función dos resultados.

A proba de avaliación inicial e as actividades iniciais realizadas ao comezo das unidades didácticas non se terán en conta para establecer a cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	10	5	5	5	10	5	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	100
Proba escrita	80	80	80	80

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	100
Táboa de indicadores	20	20	20	20

Crterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Establécese unha ponderación por unidades didácticas, cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de terceiro comprende 22 C.A e 13 U.D. As probas escritas contan o 80% e as táboas de indicadores un 20%.

A avaliación detectará as dificultades e incorporará as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación necesarias con diferentes instrumentos. A avaliación inicial determinará os coñecementos previos d@s alumn@s. A avaliación formativa determinará o proceso de ensinanza- aprendizaxe. A avaliación sumativa contrastará a eficacia do proceso educativo (obxectivos conseguidos, promoción d@ alumn@).

Os criterios de cualificación e de promoción da materia de Xeografía e Historia de 3º da ESO son os seguintes:

A nota de cada avaliación, comporase en base non só os coñecementos da materia en si , senón tamén ao traballo realizado na clase, así como a entrega das tarefas encomendadas. Terase tamén en conta o progreso e mellora na adquisición de competencias.

-O 80% da nota final de cada unha das tres avaliacións corresponderá á nota media de dous exames parciais con preguntas sobre as unidades didácticas con diverso formato (de desenvolver; de relacionar, de analizar documentos, de

definicións,...),. Nas probas se especificará o valor de cada pregunta.

-O 20% restante da nota de cada avaliación corresponderá á táboa de indicadores, que comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado (preguntas curtas e longas de desenvolver; resumos, esquemas, mapas conceptuais; análise guiada de documentos; investigacións; exposicións,etc).

Farase un seguimento do traballo da alumna/o, no que se observará a entrega en prazo e forma, a calidade e as correccións da profesora.

Para superar a avaliación deberase acadar unha nota de 5 puntos, pero se a nota é inferior, realizarase un plan de recuperación do trimestre.

-Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado das unidades de cada avaliación:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 30) + (Nota 2ª aval. x 35) + (Nota 3ª aval. x 35)] / 100.

- Antes de rematar a Terceira Avaliación o alumnado non apto (nota inferior a 5 puntos) realizará un plan de recuperación final a finais do terceiro trimestre contando a nota do plan de recuperación final e, de ser o caso, a/s da/s avaliación/s aprobada/s. Para aprobar deben obterse 5 puntos.

- Redondearanse as notas á alza a partir do medio punto.

-Copiar nun exame suporá anulalo e cualificalo cun 0.

-Deberase presentar xustificante médico ás probas non presentadas, se non deberá recuperarse na seguinte avaliación ou na proba de recuperación final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere unha avaliación (nota inferior a 5) levará a cabo un plan de recuperación trimestral: realizará unha proba de recuperación e fichas de reforzo. Na nota da

recuperación trimestral asígnase un 80% á proba e un 20% ao traballo. A proba será ao comezo do seguinte trimestre excepto na 3ª avaliación realizándose ao final.

A profesora guiará a preparación das probas.

Haberá un plan de recuperación final a finais do terceiro trimestre, cunha proba de recuperación final e coa entrega de tarefas (tarefas 20% da nota da avaliación e exame de recuperación da avaliación 80% da nota da avaliación).

A proba de recuperación final consistirá nun exame con preguntas semellantes ás do curso. Nela o alumnado deberá acadar os contidos mínimos.

Para aquel alumnado que suspendera unha ou dúas avaliacións, calcularase a nota da materia coa nota ou notas resultantes do plan de recuperación final e a da/s avaliación/s aprobadas. Se se teñen todas as avaliacións suspensas se contabilizarán as notas de cada parte avaliada (80% exame de recuperación de cada avaliación e 20% tarefas de cada avaliación). Para aprobar deberanse obter 5 puntos.

O alumnado deberá xustificar a ausencia a todas as probas do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. No mesmo indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os

obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

ORGANIZACIÓN das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da MATERIA PENDENTE

As/os alumnas/os coa asignatura pendente do curso anterior serán distribuídos por cursos e asignados ás profesoras do departamento que lles imparten clase, que se encargarán de entregar, corrixir e calificar os boletíns e as probas. As calificacións aparecerán na primeira avaliación, segunda, terceira e final.

O alumnado coa materia pendente que non supere a materia ao calcular a media das cualificacións trimestrais, realizará unha proba de recuperación final no mes de xuño.

Para obter un resultado positivo, o alumnado que ten a materia pendente do curso anterior, seguirá o Plan de Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente desta programación.

PLAN de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente de XEOGRAFÍA E HISTORIA de 3ºESO

O alumnado coa materia pendente do curso anterior será convocado ao inicio do curso co fin de informalo sobre o plan de recuperación.

Este consistirá na elaboración dun boletín de exercicios relativos aos contidos xeográficos e históricos da asignatura, que será entregado pola profesora a comezo de curso. Ademais da entrega do Boletín, o alumnado coa materia pendente realizará probas escritas, nas que se lle farán preguntas sobre os exercicios do boletín.

O alumnado entregará exercicios do boletín e realizará unha proba escrita en cada trimestre.

As actividades dos boletíns deberán ser entregadas antes das datas estipuladas para proceder a súa corrección antes das probas. As preguntas do boletín se basearán no currículo de todo o curso que estea pendente.

A cualificación da materia pendente por trimestre será a seguinte :

- O 80% da nota corresponderá á proba escrita.
- O 20% restante corresponderá á valoración dos exercicios dos boletíns.

Tras examinarse da Terceira Avaliación, farase a media ponderada das cualificacións trimestrais. O alumnado que non superou a materia - a media das avaliacións trimestrais é inferior a 5- terá unha proba de recuperación final en xuño.

A cualificación mínima para superar a proba de recuperación final será 5 puntos.

O alumno/a será guiado durante o curso de forma periódica pola profesora, o que permitirá realizar un seguimento do seu traballo

e aclarar as dúbidas que teña @alumn@.

Ademais, o alumnado terá a posibilidade de seguir orientacións, reforzo e apoio a través da Aula Virtual ou da Páxina Web do instituto no apartado do Departamento de Xeografía e Historia.

Os exercicios do Boletín deberán entregarse antes das seguintes datas :

1º Trimestre: 20 outubro

2º Trimestre : 16 febreiro

3º Trimestre : 16 maio

As probas trimestrais celebraranse nas seguintes datas :

1º trimestre : 3 novembro

2º trimestre : 1 marzo

3º trimestre: 31 maio

A proba de recuperación final de xuño realizarase na seguinte data :

7 xuño

O alumnado asinará documentos de entrega e recepción dos exercicios do boletín e da entrega das probas nas datas indicadas máis arriba.

En caso de que o alumnado non se presente ás probas de avaliación, só poderá repetilas con xustificante médico. De non ser así, deberá esperar á proba de recuperación final.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade dábanse en dous niveis:

-Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

-Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Plantexaranse medidas de reforzo para o alumnado que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades

concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarse unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Traballo colaborativo.
7. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
8. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
9. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Poderá contarse nalgún caso concreto con profesorado de apoio na aula, que irá destinado principalmente ao alumnado NEE.

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación na educación secundaria obrigatoria, establece que cando un alumno ou alumna presente dificultades á hora de seguir a materia durante todo o curso ou parte del, se lle realizará un plan específico de reforzo na materia.

Contéplase un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

*Actuacións co alumnado que recibe Atención Domiciliaria

No caso do alumnado en atención domiciliaria, o profesorado traballará c@s alumn@s a través da Aula Virtual e do profesor de Atención Domiciliaria- en caso de dispoñer da axuda deste docente- .

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os dos alumnos que están no curso de referencia. Os exames faranse en presenza do profesorado de Atención Domiciliaria, que será o encargado de que se cumpran as garantías de obxectividade e autonomía de realización das probas.No caso de non contar coa axuda deste docente, as probas subiranse á Aula Virtual na data e hora fixadas, e a profesora conectarase co alumnado a través da plataforma Webex para supervisar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social.		X			X		X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - Educación para a igualdade.		X					X	X
ET.4 - Emprendemento.	X	X	X	X		X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz		X						X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X	X	X	X			X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental.					
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X		
ET.4 - Emprendemento.					
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X				
ET.7 - Educación para a paz	X		X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor					

Observacións:

Abordaranse todos os elementos transversais, prestando atención especial á comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado deberá realizar exposicións orais, ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, traballarase de maneira prioritaria a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible...posto que gran parte dos temas do Currículo xiran arredor destes aspectos.

A educación cívico- social é de vital importancia. Fomentarase o respecto e a tolerancia en todos os ámbitos.

A comunicación audiovisual traballarase nas unidades, empregándose como apoio da práctica docente e para contribuír ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal incluíuse a comunicación posto que se realizarán debates. Nos debates velarase para que se cumpran as normas de respecto cara as opinións diferentes ás de un, contribuíndo a desenvolver unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén é unha competencia moi relevante. Buscarase que o alumnado faga propostas e teña unha actitude participativa no traballo da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria	X	X	X
Asistencia a charlas	Complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	Complementaria	X	X	X
Roteiros didácticos	Complementaria	X	X	X
Proxección de cine de interese para a materia	Complementaria	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais	Complementaria	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias resultan moi atractivas para o alumnado : sae da rutina, socializa con outros iguais, desenvolve a súa creatividade, motívase,...Así mesmo , este tipo de actividades contribúen a afondar nos contidos do currículo, facilitando a súa comprensión, e a comprobar a súa aplicación real.

As actividades complementarias irán acompañadas dun plan de traballo que debe realizar o alumnado :

-Informaráselle previamente ao alumnado na aula en que consiste a actividade. Durante a actividade propiamente dita deberá realizar unha ficha de traballo. Posteriormente na aula correxirase a ficha e preguntaráse aos alumn@s sobre a experiencia.

As actividades complementarias non están concretadas e se irán perfilando segundo as necesidades do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Emprega variedade de recursos
É innovador/a
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Resolve dúbidas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica leccións, ensina e avalía

Outros
Demostra coñecemento da materia
Explica con claridade
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia.

Descrición:

No tocante á avaliación da práctica docente, realizarase unha enquisa que versará sobre os coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Esta enquisa será proporcionada ao alumnado ao remate do curso. Os resultados contribuirán a mellorar a práctica docente.

Así mesmo, avaliarase o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 0 a 10. No cuestionario analizarase a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación), o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos...) e a avaliación (avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación acertados...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado fará de xeito contínuo o seguimento da programación tendo en conta a súa temporalización, os criterios de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....co fin de axustar e incluso modificar aqueles aspectos didácticos que crea necesarios para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Realizarase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso do Departamento recolleranse as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados